



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE FEBRERO DO 2011.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e un de febreiro de dous mil once a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de febreiro do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Proposta do Servizo Municipal de Deportes sobre compensación horariae revisión de horarios de traballo do persoal do Servizo Municipal de Deportes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda a aprobación da proposta debendo remitirse ao Servizo Municipal de Deportes para a súa sinatura, polas partes imprecadas.

2. Por parte do Secretario dase conta do informe da Policía Local sobre limite de velocidade sobre a carretera OU-406.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda remitir o informe da Policía Local acompañado da solicitude de Dona Laura Capas Gonzalez a



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, aos efectos xurídicos pertinentes.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da empresa Aqualia con data RE 21 de febreiro de 2011 N° RE 880, relativo a “*resultados analíticos do abastecemento e depuración do periodo comprendido de setembro a decembro de 2010*”.
2. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, con data RE 18 de febreiro de 2011 N° RE 852, relativo a “*construcción dun campo de herba artificial*”.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATO MENOR.-

Por parte do Concelleiro de Cultura dase conta da proposta relativa a aprobación de contrato menor de suministro de materiais de limpeza para as distintas instalacións deportivas dependentes do Servizo Municipal de Deportes por importe de 3.500 € iva incluído.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Prego de cláusulas administrativas de data 21.02.2011.
2. Informe de Intervención de data 21.02.2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda os seguintes acordos:

Aprobar o prego de cláusulas económicas administrativas.

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto do contrato administrativo especial “*Arrendamento de Locais para promover o Emprego I*”. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Proposta de Alcaldía de data 12.11.10 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

2. Informe de Secretaría de data 12.11.10 no que se conclue o seguinte:
“Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas”.
3. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 12.11.10.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante publicación no perfil do contratante e no BOP.

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento aberto do contrato administrativo especial *“Arrendamento de Locais para promover o Emprego II”*. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Proposta de Alcaldía de data 12.11.10 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.
2. Informe de Secretaría de data 12.11.10 no que se conclue o seguinte:
“Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas”.
3. Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 12.11.10.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante publicación no perfil do contratante e no BOP.

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL.-

Vistos os acordos das Xuntas de Goberno Local de datas 7 de febreiro de 2011 e 17 de novembro de 2010 respectivamente e detectado erro material na súa transcripción a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes procede a súa corrección, de xeito que na Xunta de Goberno Local de data 7 de febreiro de 2011 onde di:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

- 1. Adxudicar provisionalmente o servizo denominad "Diseño da Rede de Sendeiros e Rutas Cicloturísticas da Ruta do Viño do Ribeiro" a empresa MINDTURE S.L.,. O adxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 2.278,83 € na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo.*
- 2. O adxudicatario deberá creditar no prazo de 15 días dende a recepción da notificación da adxudicación provisional estar ao corrente das súas obrigas Tributarias e Seguridade Social.*
- 3. A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación definitiva, facultando se ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.*

Debe dicir:

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

- 1. Adxudicar provisionalmente o servizo denominad "Diseño da Rede de Sendeiros e Rutas Cicloturísticas da Ruta do Viño do Ribeiro" a empresa Serviterra Enxeñería, S.L.. O adxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 2.278,83 € na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo.*
- 2. O adxudicatario deberá creditar no prazo de 15 días dende a recepción da notificación da adxudicación provisional estar ao corrente das súas obrigas Tributarias e Seguridade Social.*
- 3. A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación definitiva, facultando se ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.*

E na Xunta de Goberno Local de data 17 de novembro de 2010 onde di:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, visto o informe técnico no que se dicía o seguinte:

“A data límite de Cualificación Definitiva dos Expedientes de Rehabilitación de Vivendas incluídos no Convenio 7ª Fase - Obxectivos 2006 e no Convenio 8ª Fase - Obxectivos 2007 é decembro de 2010.

Na actualidade existen varios Expedientes, con cargo os citados Convenios, en fase de execución das obras, coa previsión de que non rematarán para a nomeada data.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

É polo que, dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, propónse ó Concello de Ribadavia que se solicite ó Instituto Galego da Vivenda e Solo o traslado dos citados Expedientes ó Convenio 10ª Fase – Obxectivos 2009, o que conleva a renuncia dos Expedientes inicialmente tramitados, que son os seguintes:

Nº Exp.	Promotor	Enderezo Obra	Convenio Inicial
O-AR-056/09	Ruth Álvarez-Valeiras G.	Rúa Praza Maior, 6 - 2º	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-020/09	M-Carmen Santamaría Rey	Rúa Porta N. Abaixo, 18	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-114/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-115/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-117/09	Aladino Pérez Pérez	Rúa Porta N. Arriba, 11	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-110/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR- 1 1 1 / 0 9	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-122/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-123/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007

Acorda solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo o traslado dos expedientes que a continuación se transcriben ó Convenio 10ª fase-Obxectivos 2009,o que conleva a renuncia dos expedientes inicialmente tramitados, que son os seguintes:

Nº Exp.	Promotor	Enderezo Obra	Convenio Inicial
O-AR-056/09	Ruth Álvarez-Valeiras G.	Rúa Praza Maior, 6 - 2º	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-020/09	M-Carmen Santamaría Rey	Rúa Porta N. Abaixo, 18	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-114/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-115/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-117/09	Aladino Pérez Pérez	Rúa Porta N. Arriba, 11	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-110/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-111/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-122/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-123/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007

Debe dicir:

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, visto o informe técnico no que se dicía o seguinte:

“A data límite de Cualificación Definitiva dos Expedientes de Rehabilitación de Vivendas incluídos no Convenio 7ª Fase - Obxectivos 2006 e no Convenio 8ª Fase - Obxectivos 2007 é decembro de 2010.

Na actualidade existen varios Expedientes, con cargo os citados Convenios, en fase de execución das obras, coa previsión de que non rematarán para a nomeada data.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

É polo que, dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, propónse ó Concello de Ribadavia que se solicite ó Instituto Galego da Vivenda e Solo o traslado dos citados Expedientes ó Convenio 10ª Fase – Obxectivos 2009, o que conleva a renuncia dos Expedientes inicialmente tramitados, que son os seguintes:

Nº Exp.	Promotor	Enderezo Obra	Convenio Inicial
O-AR-056/09	Ruth Álvarez-Valeiras G. na representación de Valeiras Dos S.L.	Rúa Praza Maior, 6 - 2º	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-020/09	M-Carmen Santamaría Rey	Rúa Porta N. Abaixo, 18	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-114/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-115/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-117/09	Aladino Pérez Pérez	Rúa Porta N. Arriba, 11	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-110/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-1	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
1			
1			
1			
/			
0			
9			
O-AR-122/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-123/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007

Acorda solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo o traslado dos expedientes que a continuación se transcriben ó Convenio 10ª fase-Obxectivos 2009,o que conleva a renuncia dos expedientes inicialmente tramitados, que son os seguintes:

Nº Exp.	Promotor	Enderezo Obra	Convenio Inicial
O-AR-056/09	Ruth Álvarez-Valeiras G. na representación de Valieras Dos, S.L.	Rúa Praza Maior, 6 - 2º	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-020/09	M-Carmen Santamaría Rey	Rúa Porta N. Abaixo, 18	7º Convenio – Obxect. 2006
O-AR-114/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-115/09	Construcións Boporte,S.L.	Rúa Yáñez, 15 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-117/09	Aladino Pérez Pérez	Rúa Porta N. Arriba, 11	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-110/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-111/09	José A. Rocha Rguez.	Rúa Fornos, 10 - 2º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-122/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007
O-AR-123/09	Mª Asunción Rguez. Abad	Rúa Xuíz Viñas, 9 - 1º	8º Convenio – Obxect. 2007

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA ACTUACION PARA MELLORA DO ESPAZO PUBLICO NA RUA PROGRESO DE RIBADAVIA.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Actuación para mellora do espazo público de Ribadavia”, redactada polos técnicos directores da obra Dona Mercedes Álvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez, executada pola empresa Aopil S.L. por un importe total de 33.295,46 euros.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 33.295,46 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Aopil S.L. co nº 108000004, de data 17.02.11, pola mesma cantidade.

3º.- Que se remita o correspondiente expediente a Deputación Provincial de Ourense.”

ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2010 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE AXUDAS OS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCION E FOMENTO DO COOPERATIVISMO.-

“Vista a Orde de 31 de Decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas os Concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, publicada no DOGA nº 14, de 21 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención destinada o fomento do Cooperativismo, de acordo co artigo 4.2.2) da Orde.

Segundo.- Aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde, así como declarar que o Concello non esta incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.